

TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO Á CATEGORÍA PROFESIONAL DE CONDUCTOR, GRUPO IV.1, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 28 DE XUÑO DE 2021

Acordo do tribunal sobre os criterios de avaliación do terceiro exercicio: proba práctica das probas selectivas,

O tribunal cualificador das probas selectivas, reunido en sesión o día 8 de abril de 2022, e de acordo co anexo I da convocatoria, **acordou** os seguintes criterios de avaliación para a súa publicación antes da celebración do terceiro exercicio: proba práctica.

A proba práctica consistirá na posta en marcha e condución dun vehículo. Partindo do lugar que lle indique o tribunal, os aspirantes dirixiránse no vehículo a un centro da USC..

1.- XENERALIDADES

O opositor, durante a proba práctica, deberá dar unha impresión de seguridade dos seus coñecementos, aptitudes, habilidades e comportamentos no manexo, dominio adecuado e utilización responsable e segura do vehículo e dos seus mandos, no cumprimento das normas e dos sinais reguladores da circulación, no comportamento e nas reaccións ante os diversos factores ou circunstancias que interveñen no tráfico, nas actitudes e comportamentos con respecto aos demais usuarios e na súa capacidade para adaptarse as distintas e cambiantes incidencias da circulación, con especial atención á seguridade.

O tratarse dunha proba práctica valorarase o grao de perfección e destreza na súa realización e o coñecemento das funcións a desenvolver na competencia funcional á que se aspira (<https://sede.dgt.gob.es/>)

O tribunal poderá solicitar do aspirante a realización de calquera proba práctica ou manobra axustadas a este terceiro exercicio.

2.- PUNTUACIÓN

Os aspirantes partirán cunha puntuación inicial de 30 puntos, que poderá minorarse segundo a aplicación dos criterios e faltas tipificadas neste acordo.

Ás faltas cometidas dáselle unha puntuación negativa, de acordo co seguinte baremo:

MOI GRAVES	30 puntos
GRAVES	6 puntos
LEVES	3 puntos

A valoración final será a obtida tendo en conta todos os criterios reflectidos neste acordo.

A puntuación máxima será de 30 puntos e para aprobar será necesario obter un mínimo de 12,5 puntos, segundo establece a convocatoria no seu ANEXO I

3.- DURACIÓN DA PROBA

O tempo máximo de duración da proba será de 30 minutos para cada aspirante, condicionados polas circunstancias concretas do momento da súa realización.

4.- ITINERARIOS

O aspirante, antes de comenzar a proba, deberá elixir un de entre os 10 sobres pechados propostos polo tribunal na que figurará o itinerario a realizar.

Partindo do lugar que lle indique o tribunal, os aspirantes realizarán a ruta establecida no itinerario elixido, facendo as paradas nos centros da USC indicados.

O presidente

A secretaria

Aurelio F. Barreiro González

M. Amparo Azurmendi Rodríguez

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARIA AMPARO AZURMENDI RODRIGUEZ, NIF ***0990**, 12/04/2022 11:21:26.

Asinante/Firmante/Signer: AURELIO FRANCISCO BARREIRO GONZALEZ, NIF ***5195**, 12/04/2022 11:13:52.

CSV: 9634-7843-48EA-AF26